

SOCIEDADE ESTATAL MUSEO NACIONAL DO PRADO
DIFUSIÓN, S.A.

Incorpóranse, no tomo do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 relativo aos orzamentos de explotación e capital e outros estados financeiros das entidades públicas empresariais, fundacións do sector público estatal e outros organismos públicos, os orzamentos de explotación e de capital da Sociedade Estatal Museo Nacional do Prado Difusión, S.A. así como dos demais estados financeiros (cadro de financiamento, balance de situación e conta de resultados) que acompañan os devanditos orzamentos, que se indican a continuación, en miles de euros:

Orzamento de explotación 2007 «Debe»

Gastos de persoal	238
Soldos e salarios	165
Seguridade Social a cargo da empresa	59
Outros	14
Outros gastos de explotación	880
Servizos exteriores	880
Total Debe	1.118

Orzamento de explotación 2007 «Haber»

Importe neto da cifra de negocios	1.112
Vendas	1.112
Ingresos financeiros e asimilados	6
Dividendos	6
Total Haber	1.118

Orzamento de capital 2007 «Aplicación de fondos»

Variación do capital circulante	125
Total aplicacións	125

Orzamento de capital 2007 «Orixe de fondos»

Achegas de capital	125
Doutros do sector público estatal de carácter administrativo	125
Total orixes	125

Cadro de financiamento 2006-2007

	2006	2007
Menos: aumento necesidades operativas de fondos	2	7
Redución de acredores agás Admón. pública	-2	-7
Igual: fondos xerados polas operacións	2	7
Máis: recursos externos obtidos	250	125
Achegas de capital	250	125
Igual: total fondos obtidos	252	132
Igual: total dispoñible xerado	252	132
Máis: dispoñible (saldo inicial)	-	252
Igual: dispoñible (saldo final)	252	384

Balance de situación 2006-2007

	2006	2007
Activo:		
Accionistas por desembolsos non exixidos	750	625
Investimentos financeiros temporais ..	175	255
Tesouraría	77	129
Total activo = total pasivo	1.002	1.009
Pasivo:		
Fondos propios	1.000	1.000
Capital	1.000	1.000
Acredores a curto prazo	2	9

Conta de resultados analítica 2006-2007

	2006	2007
Vendas netas, prestacións servizos e outros ingresos explotación	733	1.112
Igual = valor da produción	733	1.112
- Gastos externos e de explotación	-678	-880
Igual = valor engadido da empresa	55	232
- Gastos de persoal	-59	-238
Igual = resultado bruto de explotación .	-4	-6
Igual = resultado neto de explotación ..	-4	-6
+ Ingresos financeiros	4	6

(En suplemento á parte publícanse os cadros-resumo de gastos e ingresos.)

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

22866 *ORDE EHA/3958/2006, do 28 de decembro, pola que se establecen o alcance e os efectos temporais da supresión da non-suxeición e das exencións establecidas nos artigos III e IV do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, respecto ao imposto sobre o valor engadido e ao imposto xeral indirecto canario. («BOE» 311, do 29-12-2006.)*

O artigo 2.Dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, establece que «na aplicación do imposto se terá en conta o disposto nos tratados e convenios internacionais que formen parte do ordenamento interno español».

O Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, establece no seu artigo III que «non estarán suxeitas aos impostos sobre a renda ou sobre o gasto ou consumo, segundo proceda: (...)

c) A adquisición de obxectos destinados ao culto».

Pola súa parte, o artigo IV do mesmo Acordo sinala que «a Santa Sé, a Conferencia Episcopal, as dioceses, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as ordes e congregacións relixiosas e os institutos de vida consagrada e as súas provincias e as súas casas terán dereito ás seguintes exencións: (...)

C) Exención total dos impostos sobre sucesións e doazóns e transmisións patrimoniais, sempre que os bens ou dereitos adquiridos se destinen ao culto, á sustentación do clero, ao sagrado apostolado e ao exercicio da caridade».

O punto 2 do protocolo adicional do acordo dispón que «ambas as partes, de común acordo, sinalarán os conceptos tributarios vixentes en que se concretan as exencións e os supostos de non-suxeición enumerados nos artigos III a V do presente acordo».

Sempre que se modifique substancialmente o ordenamento xurídico-tributario, ambas as partes concretarán os beneficios fiscais e os supostos de non-suxeición que resulten aplicables de conformidade cos principios deste acordo».

Este acordo é anterior á implantación do imposto sobre o valor engadido en España, que se produciu o 1 de xaneiro de 1986. Por esta razón, a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 29 de febreiro de 1988, aclarou o alcance da non-suxeición e das exencións establecidas no citado acordo respecto a este imposto.

Por razóns de seguridade xurídica, e tendo en conta o elevado importe dalgúns das operacións, a aplicación efectiva do segundo beneficio fiscal que se citou estaba condicionada á súa solicitude e ao recoñecemento previo por parte da Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxa circunscrición radícase o domicilio fiscal das entidades respectivas.

A Comisión Europea iniciou un expediente de infracción en relación co tratamento destas operacións, por entendela contrario ao dereito comunitario, razón pola que comunicou a obriga de modificar a normativa vixente para adecuala aos compromisos adquiridos por España como Estado membro da Unión.

Neste sentido, a revisión do sistema de asignación tributaria á Igrexa Católica regulado na disposición adicional décimo oitava da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2007, leva consigo a renuncia expresa por parte da Igrexa Católica aos mencionados beneficios fiscais relativos ao imposto sobre o valor engadido. Esta circunstancia concretouse, no marco do mecanismo de consultas e concertación previsto no artigo VI do Acordo sobre asuntos económicos de 1979 e no punto 2 do seu protocolo adicional, no intercambio de notas do 22 de decembro de 2006 entre o Estado Español e a Santa Sé.

Pola súa parte, o artigo 3.º 2 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, contén unha remisión aos tratados internacionais vixentes equivalente á que se sinalou en relación co IVE. Na aplicación dos devanditos beneficios fiscais ao imposto xeral indirecto canario, regulado por esta lei, ditouse a Orde do 14 de novembro de 1996, cun contido equivalente á orde que se sinalou relativa ao IVE.

O artigo 12.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, establece que, no ámbito das competencias do Estado, a facultade de ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das leis e demais normas en materia tributaria corresponde de forma exclusiva ao ministro de Economía e Facenda.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Imposto sobre o valor engadido.*

1. Ás operacións que se entendan realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2007 e que teñan por destinatarias a Santa Sé, a Conferencia Episcopal, as dioceses, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as ordes e congregacións relixiosas e os institutos de vida consagrada e as súas provincias e as súas casas, non lles serán de aplicación os supostos de exención ou de non-suxeición

que se viñeron aplicando a estas operacións ata o 31 de decembro de 2006.

Excepcionalmente, as operacións cuxa exención solicitase e recoñecese a Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria antes do 1 de xaneiro de 2007 manterán o réxime tributario de exención, de ser o caso, recoñecido, aínda que as operacións se realicen a partir desta data.

O disposto neste punto débese entender sen prexuízo da aplicación de calquera outro beneficio fiscal contido na normativa reguladora do imposto.

2. O artigo 94 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, sinala as operacións que xeran o dereito á dedución. As operacións a que viñeron sendo aplicables os supostos de non-suxeición ou de exención vixentes ata o 31 de decembro de 2006 antes referidos non se inclúen entre elas, polo que as citadas operacións non xeraban o dereito á dedución das cotas soportadas ou satisfeitas polos empresarios ou profesionais que as realizasen.

Considerando o disposto no punto 1 anterior, as operacións que, conforme o disposto neste, pasen a ser consideradas suxeitas e non exentas xerarán, conforme o disposto no artigo 94 da Lei 37/1992, o dereito á dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación dos bens e servizos utilizados na súa realización. Pola contra, as operacións exentas conforme os criterios sinalados no punto 1 anterior seguirán o réxime de deducións que lles corresponda en función da súa natureza e do disposto nas demais normas reguladoras do dereito á dedución.

3. A partir do 1 de xaneiro de 2007 non será de aplicación o procedemento especial de devolución previsto na Orde do 29 de febreiro de 1988 coa finalidade de resarcir os empresarios ou profesionais en réxime especial de recarga de equivalencia das cotas da recarga repercutidas polos seus provedores correspondentes ás entregas de obxectos de culto que se encontraban non suxeitas ata o 31 de decembro de 2006, en canto que a partir da citada data as citadas entregas pasan a estar suxeitas e non exentas do tributo. Sen prexuízo disto, tramitaranse de acordo co regulado na citada orde os expedientes de devolución derivados das entregas de obxectos de culto efectuadas ata o 31 de decembro de 2006.

Artigo 2. *Imposto xeral indirecto canario.*

No relativo ao imposto xeral indirecto canario, hai que ter en conta que as disposicións aplicables son as contidas na Lei 20/1991, do 7 de xuño, así como que as competencias para a xestión deste tributo están atribuídas á Administración Tributaria Canaria, que é a que recoñece, de ser o caso, a aplicación das exencións.

En consecuencia:

A referencia que se fixo no punto 2 do artigo 1 ao artigo 94 da Lei 37/1992, débese entender realizada, para os efectos do imposto xeral indirecto canario, ao artigo 29.º 4 da Lei 20/1991.

Os acordos de recoñecemento da exención serán os adoptados polas oficinas respectivas da Administración tributaria canaria.

Adicionalmente, o procedemento de devolución da recarga de equivalencia a que se fixo referencia no punto 3 do artigo 1 debe entenderse, no concernente ao imposto xeral indirecto canario, como o procedemento de devolución establecido no cuarto parágrafo do punto terceiro da Orde do 14 de novembro de 1996. Este procedemento xa non será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2007 nos termos expostos no punto 3 do artigo 1.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta orde, quedan derogadas as seguintes normas:

A Orde do 29 de febreiro de 1988 pola que se aclara o alcance da non-suxeición e das exencións establecidas nos artigos III e IV do Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, respecto ao imposto sobre o valor engadido.

A Orde do 14 de novembro de 1996 pola que se aclara o alcance da non-suxeición e das exencións establecidas nos artigos III e IV do Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979, respecto ao imposto xeral indirecto canario.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de decembro de 2006.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22868 *ORDE APA/3959/2006, do 22 de decembro, pola que se modifica a Orde do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.* («BOE» 311, do 29-12-2006.)

A Directiva 2006/55/CE da Comisión, do 12 de xuño de 2006, pola que se modifica o anexo III da Directiva 66/402/CEE do Consello, no que respecta ao peso máximo dos lotes de sementes, fai necesario modificar o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/55/CE da Comisión, do 12 de xuño de 2006, modificando o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.*

O anexo número 3 da Orde do 1 de xullo de 1986, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, queda modificado como segue:

Na columna relativa ao peso máximo do lote expresado en quilogramos, substitúese a cifra «25.000» por «30.000» no que respecta ao trigo, a cebada, a avea, o centeo, a espelta, o triticale e o arroz.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente disposición dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a

competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de decembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

XEFATURA DO ESTADO

22949 *LEI 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.* («BOE» 312, do 30-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A evolución recente do mercado de traballo en España caracterizouse por un forte incremento do emprego, que se sitúa no primeiro trimestre de 2006 no 4,9 por 100 en taxa de variación interanual. O incremento do emprego produciuse tanto nos contratos indefinidos coma nos temporais, aínda que máis intensamente nestes últimos. O notable aumento do emprego, pese a que foi acompañado dunha aceleración da poboación activa, determinou un descenso da taxa de paro, desde o 11,5 por 100 en 2002 e 2003 ata o 9,2 por 100 en 2005 e o 9,1 por 100 no primeiro trimestre de 2006, o que significa que a citada taxa se encontra, por primeira vez desde 1979, por debaixo do 10 por 100.

Malia isto, aínda persisten problemas no mercado de traballo español que se deben superar, coa finalidade de cumprir os compromisos da Estratexia de Lisboa e, en xeral, de mellorar a situación dos traballadores. Entre estes problemas, cuxa superación se encontra entre os obxectivos principais desta lei, figuran a reducida taxa de ocupación e actividade das mulleres españolas, que a taxa de paro aínda supere lixeiramente a media da Unión Europea, sendo especialmente elevada no caso dos mozos, as mulleres e as persoas con discapacidade, a persistencia de segmentacións entre contratos temporais e indefinidos e, sobre todo, a elevada taxa de temporalidade, a máis alta da Unión Europea, e por riba do dobre da media desta.

En relación coa taxa de temporalidade, ademais son relevantes os niveis particularmente elevados das correspondentes aos mozos, ás mulleres, aos traballadores menos cualificados e de menores salarios e aos traballadores con discapacidade.

II

Á hora de afrontar os desequilibrios do noso mercado de traballo, convén recordar que a concertación e o diálogo social desenvolvidos en España nos últimos trinta anos contribuíron decisivamente ás profundas transformacións políticas, económicas e sociais que experimentou o noso país nese período.

O destacado papel desempeñado neste proceso polos interlocutores sociais, e máis concretamente polas organi-